

## Programación Teatral. Ciclo “Adolfo Marsillach”

O vindeiro venres día 8 de abril ás 20:30 horas no Edificio de Servicios Múltiples do Burgo, terá lugar a terceira das funcións teatrais que forman parte do programa dos Encontros Culturais de Primavera. Letras Galegas 2011 que organiza a Concellería de Cultura coa representación da obra “PISADOS.(Botamán de Melide. O home que falaba cos zapatos)” ,da autoría de Gustavo Pernas, a cargo de “ANCORA PRODUCCIÓNS” baixo a dirección de Ánxela G. Abalo.

“Pisados”. Botamán de Melide. O home que falaba cos zapatos e o segundo “Logomono” que pon en escena a compañía “Ancora Produccións” despois do seu éxito con “Colgados. A increíble historia de Homesoga”. Os logomonos son monólogos ao revés, monólogos mutantes interpretados polo propio autor. E logo son monos, para lucir no espazo da comedia, espectaculares, peludos, esperpénticos, surreais, actuais, críticos, acedos, divertidos, ha, ha, ha!, hilarantes como a risa dos monos

Botamán de Melide sopra follas no outono e aprendeu linguas polos pés, ao paso dos peregrinos do Camiño de Santiago. Máis tarde descubriu, entre as follas do chan, a linguaxe secreta dos pisados. É quen de falar cos zapatos e vén revelar ao público o que calan as bocas e gardan os pés. Pero hai forzas vivas que queren impedilo...

“Pisados” supón dentro da obra teatral de Gustavo Pernas unha reviravolta na complexidade dos personaxes creados polo autor. Xa non é aquel personaxe recoñecible dentro do sistema, que roza os bordes da normalidade ao enfrontarse a situacións límites ou cando menos estrambóticas. Personaxes de comedia sempre na fronteira dos xéneros teatrais.

Botaman de Melide así como Homesoga o colgado de Celeiro, entran directamente no esperpento, na distorsión valleinclaniana, con arrecendos poéticos de Cunqueiro.

“Pisados” está interpretado por Gustavo Pernas Cora baixo a dirección de Ánxela G. Abalo. Conta cunha espectacular e artística escenografía realizada pola pintora e gravadora Maribel Pintado.

Ancora Producións, nace en 1989 da man de dous profesionais de teatro cunha longa traxectoria ás súas costas, Anxela G. Abalo e Gustavo Pernas Cora, a partir dunha coincidencia de criterios artísticos e de investigación. Esta compañía investiga no espazo do teatro nesta "sociedade do espectáculo", telecomunicada e hiperinformada, pero sen lugar para intervalos onde agrome o coñecemento e a diferenza, onde o corpo se comunique a escala humana, á medida da voz e do xesto. Sempre na fronteira, utiliza o humor como estratexia. Humor como diversión, pero tamén humor como reflexión que nos conduce ao compromiso. Participamos dun compromiso desde a escena, acción comprometida no social, nunca no banal.

Ancora Producións ten un proxecto artístico e estético, uns obxectivos e unhas constantes que nacen coa primeira palabra escrita de cada espectáculo e constitúen a súa paixón e poética.

**PRODUCCIÓNS:** 1990. O galego, a mulata e o negro. Dirección de Gustavo Pernas Cora. Premio Compostela ao mellor texto dramático (1991); nominado como mellor espectáculo e mellor actor protagonista (Gustavo Pernas Cora). 1996. Ladraremos - Comedia de amor e medo-. Dirección de Gustavo Pernas Cora. 1º premio María Casares de Teatro ao mellor texto dramático orixinal; queda finalista como mellor espectáculo, mellor actor protagonista (Gustavo Pernas Cora) e mellor actriz protagonista (Anxela G. Abalo). Ai, que sería de nós sen os obreiros. 1997. Fábula - Comedia nun só acto... sexual-. Dirección de Gustavo Pernas Cora. Nominada en seis apartados no II Premio María Casares de Teatro: mellor espectáculo, mellor texto dramático orixinal, mellores actores protagonistas (Anxela G. Abalo e Gustavo Pernas Cora), mellor escenografía (Suso Montero) e mellor vestiario (Anxela G. Abalo). 1998. Anatomía dun hipocondriaco -Comedia médica-. Dirección de Gustavo Pernas Cora.

Nominada nos III Premios María Casares como mellor texto dramático orixinal e mellor escenografía (Suso Montero). 2000. Sucesos. Dirección de Gustavo Pernas Cora e Anxela G. Abalo. 2001. Footing Dirección de Gustavo Pernas Cora. X Premio Rafael Dieste 2001. Nominada no V Premio María Casares como mellor texto dramático

orixinal. 2003. Hai que romper. Baseada en textos de Antón Avilés de Taramancos. Dramaturxia e dirección de Anxela G. Abalo e Gustavo Pernas Cora. 2004. Paso de cebra . Dirección de Anxela G. Abalo e Gustavo Pernas Cora. Premio Max das Artes Escénicas ao mellor autor en galego 2006. Nominada no V Premio María Casares como mellor texto dramático orixinal. 2006. Final de película. Dirección Gustavo Pernas Cora. XII Premio Rafael Dieste 2005. nominada no XI Premio María Casares como mellor autor, mellor escenografía e mellor maquillaxe. Premio MAX 2007.

Neste ano estrea MEDIDAS PREVENTIVAS, PREMIO AELGA mellor Libro de Teatro, 2008- Recibe o premio ROBERTO VIDAL BOLAÑO, á traxectoria artística. CRONICARAGUA, performance solidario-Onde participaron máis de 20 artistas (actores, músicos, pintores, poetas, bailaríns).2009 LIBROLIBRAME- campaña de animación á lectura. - COLGADOS, ou a increíble historia de Homesoga, o colgado de Celeiro. 2010 PISADOS, Botamán de Melide o home que falaba cos zapatos.

Ancora Producións participa coas súas obras en diversos festivais de teatro, nomeadamente da península Ibérica, e segue a participar activamente en diversos foros culturais. Asemade participa en lecturas dramatizadas e continua cos obradoiros de dramaturxia e outros, dentro da súa particular mirada do mundo do teatro.

Está recomendada para público adulto e os prezos das entradas son de 4,00 € para público en xeral e 2,00 € para estudantes e maiores de 65 anos.